

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha **ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega**, e

- Como un **instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade**, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Subámbito dos hospitais

Este tríptico céntrase no subámbito dos hospitais, dentro do ámbito da sanidade. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos hospitais de Galicia e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 29 enquisas realizadas aos hospitais de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes do ámbito da sanidade para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos na sanidade.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


Secretaría Xeral de Política Lingüística



1. Usos lingüísticos


Comunicacións externas:

Os hospitais de Galicia empregan **maioritariamente o galego por escrito**, pero non así no que se refire aos usos orais, en que o castelán é lixeiramente superior ao galego. En canto aos elementos de maior visibilidade, o galego é a única lingua utilizada no nome dos hospitais no papel de carta, e é maioritario na rotulación principal e interior.



Comunicacións internas:

Nas comunicacións orais internas, se exceptuamos o persoal subalterno, o galego obtén porcentaxes que nunca superan o 37,2% do persoal administrativo. Nas comunicacións escritas, a lingua galega é maioritaria nos formularios e nas circulares e notas internas, así como nos materiais de cursos, pero non na aplicación informática máis habitual.



2. Normas e criterios de uso lingüísticos


Na maioría de hospitais non existen normas ou criterios de uso lingüísticos. Só nas comunicacións escritas a porcentaxe de hospitais con criterios alcanza o 44,8%. No resto dos casos considerados, as cifras oscilan entre o 20,7% na atención oral ao público e na calidade lingüística das publicacións ou comunicacións e o 31% cando o interlocutor/a pide un cambio de lingua con respecto á lingua coa que foi atendido inicialmente. Ademais, en todos os hospitais se valora o galego á hora de incorporar persoal, aínda que en practicamente ningún se incentiva a formación nesta lingua.

3. Competencias lingüísticas

A expresión escrita é a destreza en que os traballadores/as dos hospitais galegos teñen máis necesidades, pois foi a opción escollida por un 86,2% dos enquisados/as. En xeral todo o persoal do hospital conta cos coñecementos axeitados de galego para o traballo que desenvolve, aínda que en diferente medida en función do posto que ocupa.

4. Actitudes e opinións lingüísticas

Nos hospitais observamos unhas porcentaxes moi elevadas en todos os recursos lingüísticos propostos, agás nos servizos lingüísticos, que só foron considerados como útiles polo 17,2% dos centros hospitalarios.




Máis de sete de cada dez hospitais afirman utilizar os recursos lingüísticos da Xunta, fronte a case unha cuarta parte que non os emprega.

No relativo á evolución do uso do galego nos últimos cinco anos, máis da metade dos hospitais enquisados (55,2%) opina que aumentou e un 13,8% considera que aumentou moito. O restante 31% cre que a situación do galego no seu hospital continúa igual.

5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística dos hospitais é de 63,90. Trátase do máis elevado dos tres subámbitos que conforman o ámbito da sanidade. Destaca especialmente o factor 4, documentación de uso externo, que obtén o nivel máis elevado. Por outra banda, só o factor 6, documentación e comunicación externa, se sitúa por debaixo dos 50 puntos.

Gráfico: índice de normalización lingüística



* Conclusións

- O galego é case a única lingua utilizada nas publicacións periódicas e é o idioma de uso maioritario nos escritos a pacientes.
- Na publicidade utilízase sempre o galego e en máis do 80% dos hospitais tamén se emprega o galego nos modelos de fax, no papel de carta e nas tarxetas de visita.
- O galego é a lingua maioritaria nos formularios e nas circulares e notas internas, así como nos materiais de cursos, pero representa unha minoría na aplicación informática. Nas comunicacións orais, o galego ten unha presenza minoritaria.
- En todos os hospitais valórase o galego á hora de incorporar persoal.
- Practicamente todos os recursos lingüísticos son considerados útiles.
- Nos hospitais enquisados un 69% considera que o uso do galego aumentou ou aumentou moito nos últimos cinco anos. Moi poucos opinan que o seu uso aumentará no futuro.
- Detéctanse principalmente necesidades na expresión escrita en galego entre os traballadores/as dos centros hospitalarios.

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha **ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega**, e

- Como un **instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade**, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Subámbito dos centros de saúde

Este tríptico céntrase no subámbito dos centros de saúde, dentro do ámbito da sanidade. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos centros de saúde de Galicia e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 220 enquisas realizadas aos centros de saúde de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes da sanidade para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos na sanidade.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




1. Usos lingüísticos

Comunicacións externas:

O galego é a lingua maioritaria na atención presencial e telefónica nos centros de saúde de Galicia, con porcentaxes que roldan o 63%. Non obstante, ocorre o contrario nos escritos a pacientes, provedores e usuarios/as e no correo electrónico, casos en que predomina o castelán, con cifras do 66,5 e do 67,3%, respectivamente. En canto aos elementos de maior visibilidade, advírtese unha clara presenza maioritaria da lingua galega, tanto no modelo de fax, papel de carta e tarxetas de visita, coma nos

■ Castelán ■ Galego

Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións co exterior



2. Normas e criterios de uso lingüísticos


Son unha minoría os centros de saúde que contan con criterios, regras ou normas que especifican que lingua utilizar. Ademais, só o 14,6% dos centros pon a disposición do seu persoal ferramentas lingüísticas. Por outra banda, apenas hai centros que contan con algunha persoa que desenvolve tarefas de normalización lingüística, e ningún dá incentivos á formación en lingua galega.

documentos de maior difusión externa dos produtos e servizos do centro de saúde.

Comunicacións internas:

Nas comunicacións orais internas, o galego conta cunha presenza reducida, que só chega ao 47,5% no caso do persoal subalterno. Nas comunicacións escritas, a lingua galega é predominante nos materiais dos cursos, cun 63,8%, e nos formularios, cun 58,2%. Na aplicación informática máis habitual e nas notas e circulares internas, en cambio, o castelán goza de mellor saúde có galego.

Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais internas




3. Competencias lingüísticas

A expresión escrita é a competencia que menos domina o persoal, cunha porcentaxe do 63,2%. Existe practicamente unha total adecuación dos coñecementos lingüísticos do persoal dos centros de saúde en función do posto de traballo ocupado.

4. Actitudes e opinións lingüísticas

O 65,9% dos centros enquisados sinalou os programas informáticos en galego como o recurso máis útil. En segundo lugar, sitúanse os correctores ortográficos, seguidos á súa vez dos tradutores automáticos, cun 63,6 e 60,9%, respectivamente. Os modelos de documentos en galego son o recurso máis utilizado (69,8%), seguidos pola terminoloxía específica do ámbito (58,8%) e os programas informáticos en galego (51%).

Gráfico: utilidade dos diferentes recursos lingüísticos




A maioría dos centros enquisados non utiliza os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia, concretamente un 86,8%. No relativo ao uso do galego nos centros de saúde de Galicia, da enquisa despréndese que o 36,8% dos centros considera que se usa bastante, e un 23,2%, moito. Un 27,3% cre que o uso é normal, mentres que o 12,7% opina que se utiliza pouco.

5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística (INL) dos centros de saúde é de 61,08. Trátase, polo tanto, dun índice bastante elevado, que, aínda que mellorable, reflicte unha situación positiva da lingua galega. Dos seis factores manexados para obter este INL destaca o número 4, referente á documentación de uso externo, que obtén un valor de 87,71, dado que o galego é a lingua maioritaria na documentación impresa de carácter externo. Pola contra, os factores 3 e 6 sitúanse por debaixo de 50.

Gráfico: índice de normalización lingüística



* Conclusións

• O galego é a lingua maioritaria nas comunicacións orais externas, pero non así nas escritas, nas que prima o castelán.


• No modelo de fax, o papel de carta e as tarxetas de visita, a lingua galega é maioritaria. Nos rótulos principais e interiores tamén o galego é a lingua predominante.

• Polo que respecta á documentación interna, nos materiais de cursos e nos formularios predomina o galego. Non obstante, non

acontece o mesmo na aplicación informática máis usual e nas circulares e notas internas.

• En seis de cada dez centros enquisados consideran que non se produciron cambios na situación do galego nos últimos cinco anos e apenas existen perspectivas de aumento.

• En canto á adecuación lingüística do persoal, as maiores necesidades detéctanse na expresión escrita.



O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha **ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega**, e

- Como un **instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade**, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Subámbito das farmacias

Este tríptico céntrase no subámbito das farmacias, dentro do ámbito da sanidade. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto das farmacias de Galicia e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 300 enquisas realizadas ás farmacias de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes da sanidade para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos na sanidade.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA


Secretaría Xeral de Política Lingüística



1. Usos lingüísticos

Comunicacións externas:

Nas comunicacións externas, o uso do castelán é predominante, aínda que con diferenzas segundo o tipo de comunicación analizado. Polo que respecta á lingua utilizada nos rótulos, tanto nos principais coma nos interiores, predomina o castelán nun 47,5% dos casos. Hai que destacar que nun 42,6% non se pode distinguir se están en castelán ou en galego.




2. Normas e criterios de uso lingüísticos

Na gran maioría das oficinas de farmacia non existe ningún tipo de criterio que especifique que lingua utilizar. Nun 12% dos casos as farmacias poñen a disposición dos traballadores/as ferramentas lingüísticas, porcentaxe case igualada coas farmacias que valoran o galego á hora de incorporar persoal. Só nun 1,3% das farmacias existen incentivos á formación en lingua galega.

Comunicacións internas:

Nas comunicacións orais internas, existe un predominio do castelán en todos os casos analizados. Nas comunicacións escritas, o galego apenas está presente na aplicación informática (1,6% das farmacias), e alcanza o 11,1% nas circulares e notas internas.




3. Competencias lingüísticas

A expresión escrita, cunha porcentaxe do 38%, é a destreza na que os profesionais da farmacia presentan unha maior necesidade de coñecementos. En xeral todo o persoal das farmacias conta cos coñecementos axeitados de galego para o posto que ocupa.

4. Actitudes e opinións lingüísticas


Polo que respecta á utilidade dos recursos lingüísticos, obtemos porcentaxes que apenas superan o 15% no caso dos dicionarios (a opción máis valorada cun 15,7%) e dos cursos de galego (15,3%). Os dicionarios, cun 46,8%, e a terminoloxía específica, cun 42,9%, son os recursos máis empregados nas farmacias de Galicia.



Con respecto á utilización das axudas e dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia, da enquisa realizada despréndese que a gran maioría, un 95,7% exactamente, non os utiliza, fronte a un mínimo 1,7% que afirma usalos. No relativo á evolución do uso do galego nos últimos cinco anos, a opinión maioritaria, cun 67,7%, é a que sostén que a situación segue igual. Un 17,3% afirma que o uso do galego aumentou ou aumentou moito.

5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística (INL) das farmacias galegas é do 33,39, o máis reducido dos tres subámbitos que compoñen o ámbito da sanidade. Unicamente o factor 2 se sitúa por riba de 50. O factor 3, en cambio, obtén o valor máis baixo.



* Conclusións

- O castelán é a lingua maioritaria nas comunicacións orais e escritas co exterior, así como nas comunicacións orais internas.

- Nos elementos de identificación corporativa externa o galego conta cunha presenza moi reducida.

- En canto aos rótulos principais e interiores e o nome da farmacia no papel de carta, no 42,6 e no 52,6% dos casos non se distingue a lingua utilizada, e no 47,5 e no 42,8%, respectivamente, está en castelán.

- No relativo á presenza do galego na documentación interna, existe un uso moi reducido desta lingua.

- Na maior parte das farmacias non existe norma nin criterio que especifique que lingua utilizar. En poucas farmacias valoran o galego

na incorporación de persoal.

- Os dicionarios e os cursos de galego son os dous recursos lingüísticos considerados máis útiles polas farmacias enquisadas.

- Polo que respecta á evolución do galego nos últimos cinco anos, a maioría das persoas enquisadas pensa que a situación continúa igual. Por outra banda, a porcentaxe de farmacias en que se opina que o uso do galego aumentará no futuro é moi reducida.

- En canto ás competencias lingüísticas do persoal que traballa nas farmacias galegas, nun 38% dos casos considérase que existe necesidade na expresión escrita.

- Practicamente todo o persoal que traballa nas farmacias ten coñecementos de lingua galega axeitados para o posto que desempeña. A porcentaxe de farmacias en que o persoal fixo formación é moi reducida.